


VILAXOÁN DE AROUSA REVENIDAS

9, 10, 11 E 12 DE SETEMBRO
2021



ACCESO AO RECINTO

O control de acceso realizárase mediante pulseiras electrónicas.

Totas as persoas terán que intercambiar a súa entrada por unha pulseira no punto de intercambio situado **ao carón do recinto do INTECMAR**.

O recinto está dividido en **dous sectores**, con entradas e saídas totalmente diferenciadas. Cada recinto conta cos seu equipamento: **patio de butacas, barras, puntos de recarga, espazos de merchandising, foodtrucks e baños**.

Existen **dous puntos de acceso**, totalmente diferenciados para cada sector:

As persoas con entrada para o **sector 1**, terán que entrar pola porta de **entrada ao sector 1**.

As persoas con entrada para o **sector 2**, terán que entrar pola porta de **entrada ao sector 2**.

Deste xeito, queda **prohibido invadir un sector distinto** ao da túa entrada.

Ao chegar ao recinto, atoparás percorridos sinalizados para acceder a cada sector e indicacións de como circular entre eles. **Respecta sempre os sentidos sinalados** e as indicacións que che traslade o persoal do festival.

Durante o evento só poderás abandonar o teu asento para acudir aos aseos, barra, zona gástrica, postos de recarga e zona de fumadores. Lembra que **non podes cambiar de sitio**, mover as cadeiras ou erguerse para outras accións que non sexan as comentadas.

O público poderá **abandonar o recinto sempre atendendo ás indicacións do persoal** do festival, lembrando que por trazabilidade sanitaria, non poderá volver a entrar ao mesmo.

UBICACIÓN NAS BUTACAS

O formato do Revenidas 21 é con **público sentado**.

Por normativa Covid19, os concertos poderán presenciarse dende o patio de butacas de cada sector.

As butacas complementaranse por orde de chegada, podendo sentarse **xuntos grupos de conviventes** (igual que na hostalaría).

Para poder sentarse xuntos, e importante chegar ao mesmo tempo para poder ser asignados in situ , e seguir sempre as indicacións do persoal de seguridade e de acomodación de Revenidas.

Non está permitivo mudar de butaca unha vez ubicados.

PROTOCOLO COVID

No caso de estar contaxiado, ter dúbidas de que poidas estalo, ou que teñas novas de ter estado en contacto cun positivo, non debes asistir ao festival.

Para asistir ao festival **non é necesario que fagas PCR ou que posúas o certificado de vacinación.**

Ante dúbidas de estar contaxiado, por favor: QUEDA NA CASA!

- Uso obrigatorio da máscara

Revenidas recomenda o uso de máscaras FFP2 ou, no seu defecto, quirúrxicas.

En todo momento e lugar debes levar a máscara. Só se pódese retirar no momento específico de comer ou beber, ou nas zonas habilitadas para persoas fumadoras , sempre e cando se manteña unha distancia interpersoal de, como mínimo, 2 metros.

As persoas sen máscara ou que non a poñan correctamente poderán ser expulsadas do recinto.

- Hixiene

No recinto existirán puntos de desinfección con **xel hidroalcohólico**. Atoparás estes puntos nos controis de accesos, barras, puntos de recarga, aseos e postos de merchandising.

- Distancia de seguridade

En todo momento debes respectar a **distancia interpersoal de seguridade de 1,5** metros entre asistentes; agás nos casos que permite a normativa sanitaria: grupos de convivencia

- Movementos

Ao chegar ao recinto, atoparás percorridos sinalizados para acceder a cada sector e indicacións de como circular entre eles. **Respecta sempre os sentidos sinalados** e as indicacións que che traslade o persoal do festival.

O primeiro que hai que facer no recinto é ubicarse na cadeira.

O recinto estará dividido en sectores con equipamentos independentes: cada zona terá a súa propia barra, aseos, punto de recarga, zona de foodtrucks e merchandising, de xeito que **queda prohibido invadir un sector distinto ao da túa entrada**.

Durante o evento só poderás abandonar o teu asento para acudir aos aseos, barra, zona de fumadores, puntos de recarga, espazo de venda ou zona gastro. Lembra que non podes cambiar de sitio, mover as cadeiras ou erguerse para outras accións que non sexan as comentadas.

Ao rematar o concerto o público poderá abandonar o recinto no momento no que o indique o persoal do festival, de xeito que non teñas présa por saír antes ca ninguén: cada sector e ringleira terá a súa propia quenda de saída.

- Consumo de bebida e comida

Só poderás quitar a máscara para o momento específico de consumo de bebida ou comida.

- Método de pago

O método de pago realizarase **con tecnoloxía contactless**, vía recarga online, efectivo e TPV nos puntos de recarga de cada sector

- Zonas de fumadores

Non estará permitido consumir tabaco ou dispositivos electrónicos de tabaco **fóra da área destinada a tal fin**; na que sempre se deberán respectar os 2 metros de distancia interpersoal.

- Despacho de billetes

O despacho de billetes só estará habilitado en liña e a venda online unicamente **permanecerá activa ata ás 23:30 de cada día para os concertos da tarde/noite, e ata ás 13:00 nas sesións vermú.** Se precisas mercar unha entrada no prazo de tempo indicado, poderás facelo desde o teu dispositivo móbil.

- Rexistro dos asistentes

Lembra que durante o proceso de venda, en cumprimento da normativa sanitaria vixente, realizamos o **rexistro de asistentes** para realizar o posible seguimento de contactos estritos. Por este motivo as **entradas son nominativas e intransferibles.**

Unha vez merques a entrada, **non estará permitido o intercambio de zonas, nin de sectores nin de localidades.**

- Cambios de datos de asistentes

Se non podes asistir, ou se queres regalar ou ceder a túa entrada a outra persoa, é a túa responsabilidade facer o cambio de datos de asistente. Debes facelo a través da web **<https://venta.enterticket.es/cambios>**. O cambio é gratuíto, mais só poderás realizar un cambio por entrada.

E se tes unha entrada pero que non está ao teu nome pero tes pensado asistir ao Revenidas 2021, lembra pedir á persoa que mercou o ticket que cambie os datos na web <https://venta.enterticket.es/cambios>.

- Acampada

Non habrá zona de acampada, nin está permitido acampar en ningunha zona do festival

